



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Muros e Noia. Municipio: Outes. Parroquias: San Xoán do Freixo de Sabardes ao oeste, San Xoán Roio no centro e nordeste, e San Cosme de Outeiro no sueste. Extensión: 5,59 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

A orografía da unidade vén dominada pola existencia dunha falla de dirección nordeste-sudoeste, ao longo da cal se prolonga a chaira litoral, e que provoca un pronunciado entrante costeiro na desembocadura do arroio Bendimón. De norte a sur, outros pequenos cursos fluviais afondan nas ladeiras das aliñacións graníticas, orixinando as maiores pendentes de toda a área.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Aparecen dúas especies rochosas principais: na maior parte da unidade unha granodiorita herciniana precoz con megacristais; Na parte noroeste -ladeira leste do Monte Tremuzo- e no extremo oriental -Monte Ameixide- aparecen sectores con granito moscovítico, coñecido como Tipo Tremuzo. Na zona da granodiorita aparecen enclaves de granito herciniano de dúas micas de gran medio a grosso con orientación por deformación, coñecido como Tipo Barbanza. Compoñendo o Cuaternario da unidade aparecen os materiais aluviais dos vales baixos do Rego de Pipe e Río Bendimón, ademais dos sedimentos de marisma e de chaira intermareal do fondo do seo costeiro.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual que supera os 14°C e precipitacións acumuladas durante o ano de 1200 mm a 1400 mm. A oscilación térmica alcanza valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. Ambiente climático Cálido e Húmido cunha variante Moi Húmida no extremo occidental da unidade, no alto Tremouzo, onde se chegan a rexistrar ata 1600 mm de precipitación media anual.

OS SOLOS

Na parte interna do esteiro desenvólense os característicos solos costeiros asociados a zonas sedimentarias do tipo arenosol e así como os fluvisoles sálicos e tínicos ao redor da desembocadura do Río de Bendimón. Pola súa parte na vertente obsérvase a secuencia edáfica en función da topografía que vai dos solos máis profundos de fondo de val tipo cambisol aos menos desenvolvidos con horizontes de pouco espesor e moi degradados na parte alta da unidade, fundamentalmente umbrisoles, regosoles e leptosoles líticos, estes últimos máis frecuentes ao NO no alto de Tremuzo.


AS AUGAS

A rede hidrográfica desta unidade atópase dividida en dous sectores polos cumios de Fonte Cardaña. Ao oeste, o principal colector é o arroio Pipe, que xunto co seu afluente, o Repipí, forma un val encaixado ata o lugar de Cenvón e se suaviza cara á desembocadura na Mámoa. Ao leste da elevación de Fonte Cardaña e no fondo do esteiro, desemboca o arroio de Bendimón, que alcanza unha maior lonxitude no seu desenvolvemento continental cara ao norte, aínda que o seu val é máis suave. Ambos os dous leitos verten ás Augas de Transición de Noia (20474).

O PATRIMONIO NATURAL

Toda a liña de costa e as formacións intermareais están protexidas polo LIC Esteiro do Tambre. Este fondo de esteiro presenta unha grande extensión dos hábitats 1110 e 1140, bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais superficiais, ademais do ambiente 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Só aparece un moi pequeno sector de marismas ao fondo deste (grupo 13). O Río de Bendimón e o Rego de Pipe aglutinan os valores ecolóxicos de corredor dos seus bosques de ribeira (91E0), aínda que son masas descontinuas e en ocasións mixtas con especies de repoboación. O curso baixo destes ríos, na chaira costeira, presenta áreas hidromorfas practicamente horizontais nas que aparecen prados húmidos dos hábitats 6420 e 6430. Non faltan os rodais de frondosas de recolonización nas zonas agrícolas de cada aldea, sendo máis abundantes cara á parte baixa da cunca.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A unidade divídese en dúas partes polos seus usos predominantes. O noroeste con elevadas pendentes está ocupado por unha densa masa de arboredo de piñeiros e eucaliptos que son atravesados lonxitudinalmente polos ríos Bendimón e Pipe creando senllos corredores de bosques de ribeira ao seu paso, nas cotas máis altas destaca a presenza dun parque edílico de aeroxeneradores. Na segunda zona, sobre unha chaira costeira predomina o cultivo agrícola, con parcelas agrupadas formando cuadrículas debido á concentración parceira, os núcleos rurais repartidos por todo o val relaciónanse co cultivo agrícola, exceptuando asentamentos illados de recente creación de uso exclusivamente residencial. No fondo do esteiro preséntase unha grande extensión de bancos areosos propicios para a actividade marisqueira. O entrante costeiro que forma o esteiro é aproveitado para crear unha zona de espaxamento.

MORFOLOXÍA

Sobre o val onde se desenvolve o parcelario aséntanse os núcleos rurais, concentrados en catro puntos ao longo da rede viaria existente. De norte a sur e practicamente agrupados de dous en dous destacan os núcleos de: Roio de Abaixo e Roio de Arriba, O Cruceiro de Roio e Lagoa, Aspera e Bendimón e ao sur da unidade Catasueiro e Zarzón. As vivendas responden á morfotopoxía tradicional dos núcleos rurais, de igual xeito que os asentamentos espontáneos que se enlazan polas redes de comunicación viaria cos núcleos existentes.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada que vertebra a rede viaria é a AC-550 que percorre o litoral comunicando as poboacións da comarca. Dende esta parten outras vías que relacionan os núcleos rurais na unidade. Outras vías de comunicación son a AC-6203 ao leste e un acceso rodado que dá acceso ás praias próximas. A concentración parcelaria creou unha rede de estradas cuadriculada que estrutura o solo destinado ao cultivo e comunica os diferentes asentamentos existentes. Bordeando o núcleo de Zarzón sinalar a presenza dun camiño de terra que enlaza a AC-550 cun paseo peonil que bordea toda a liña costeira. Ademais desta profusa rede viaria existen camiños e pistas que permiten o tránsito dentro da masa forestal.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio cultural constitúeno os elementos construtivos tradicionais do rural, neste caso moitos deles relacionados coa rede fluvial como é o caso dos muíños e pontes, fontes e lavadoiros. Na franxa costeira destaca un refuxio de pescadores e como elemento vinculado ao uso industrial figuran dúas antigas carpintarías de ribeira, unha delas en estado ruinoso. Dentro da arquitectura relixiosa as igrexas de Roio e de Outeiro, as casas reitorais, o peto da Virxe das Angustias e dos cruceiros.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter desta paisaxe vén marcado polo contraste entre a chaira costeira que se forma sobre o esteiro e as elevadas pendentes próximas ao litoral. O monte arborizado incorpora un trazo montañoso á paisaxe que se suaviza co plano relevo do val, sobre o que se concreta a paisaxe humanizada na comarca, constituído por terras de labranza e asentamentos de carácter rural. Pero o esteiro de Bendimón é o elemento fundamental que dota de singularidade á paisaxe, sobre el aséntanse os oficios tradicionais, hoxe practicamente en desuso, que mantiñan unida a actividade das carpintarías de ribeira dentro do sector marítimo pesqueiro na comarca.

DINÁMICA DA PAISAXE


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O pronunciado entrante do esteiro de Bendimón na franxa costeira é acompañado dun fértil val, creando un corredor visual cheo de profundidade. O carácter montañoso que outorgan as elevadas pendentes das ladeiras e o dominante rural da chaira costeira adáptanse ao alto potencial ecolóxico da zona. Feito que vén determinado pola inclusión de toda a liña costeira e as formacións intermareais na protección do LIC Esteiro do Tambre. Este fondo de esteiro presenta unha grande extensión de bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais superficiais. O Río de Bendimón e o Rego Pipe aglutinan os valores ecolóxicos de corredor dos seus bosques de ribeira conferindo un valor engadido dende o punto de vista ambiental. A panorámica que se obtén no alto do Monte Maior cunha cota próxima aos 500 m alcanza toda a ría de Muros e Noia e parte dos esteiros do seu fondo, a presenza nese punto dos aerogeneradores do parque eólico incorpora un trazo espectacular á visión da paisaxe. O patrimonio cultural constitúeno os elementos construtivos tradicionais do rural, neste caso moitos deles relacionados coa rede fluvial como os muíños, pontes, fontes e lavadoiros. Na franxa costeira destaca un refuxio de pescadores e como elemento vinculado ao uso industrial figuran dúas antigas carpintaría de ribeira, unha delas en estado ruinoso. Dentro da arquitectura relixiosa as igrexas de Roio e de Outeiro, as casas reitorais, o peto da Virxe das Angustias e dous cruceiros.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



